

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026421	IES Plurilingüe Rafael Dieste	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Proxecto Competencial dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

No noso centro, o IES Plurilingüe Rafael Dieste da Coruña, propónse un proxecto competencial en lingua inglesa baseado nuns traballos colaborativos que requiran técnicas de investigación e utilización das TICs por parte do alumnado de maneira que estes sexan quen de desenvolver un traballo trimestral relacionado con cada unha das materias CLIL. O devandito desenvolvemento deberá fomentar, dun xeito práctico, ameno e intuitivo a comprensión e produción orais, incluíndo na tarefa final aspectos de oratoria, habilidade cada vez máis necesaria de cara ao desenvolvemento persoal e profesional.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Música na actualidade.	Nesta unidade didáctica abordarase a ubicación no mapa dos países anglófonos. Facilitarase a adquisición de vocabulario relacionado coa música. Farase una revisión dos distintos xéneros musicais (pop, rock, rap, classical music, folk...). Dende os grupos, o alumnado empregará TICS para a búsqueda de información. O profesorado guiará ao alumnado para a presentación oral dos proxectos, nos que poden utilizar presentacións de power point ou de outra app, e calquera tipo de soporte visual ou multimedia. Incluirase unha escoita, exemplo representativo da escollo de cada grupo, e un comentario persoal sobre o devandito exemplo.	25	11	X		
2	Deporte na actualidade.	Nesta unidade abordarase vocabulario relacionado con deporte (normas, onde se pode practicar, países onde un determinado deporte é popular, equipamento, número de xogadores...) Revisarase o uso dos verbos modais específicos para a descrición das normas de xogo.	35	10		X	
3	Supervivencia na actualidade.	Nesta unidade didáctica abordarase a supervivencia no medio natural, o contexto xeográfico e a duración dunha actividade. Os alumnos serán guiados nos tipos de habilidades a adquirir para a supervivencia fora do seu entorno, nun entorno natural. Aprenderán a importancia dun equipo de supervivencia: no seu proxecto final, cada alumno escollerá tres obxectos e deberán describilos segundo as categorías de forma, cor, material, tamaño e utilidade. O resto de alumnos debe saber de qué se trata.	40	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Música na actualidade.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Deporte na actualidade.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Supervivencia na actualidade.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	.Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Segue os pasos indicados para realizar a tarefa e non comete erros graves		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo 3 proxectos, un por trimestre, correspondentes as materias CLIL que o alumnado terá nos seguintes cursos da ESO: música, Educación Física e Tecnoloxía.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, os grupos colaborativos presentarán o proxecto sobre o tipo de música escollido. Recollerán datos sobre os distintos aspectos a tratar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os grupos colaborativos presentarán o proxecto sobre o deporte escollido. Recollerán datos sobre os distintos aspectos a tratar.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, os grupos colaborativos presentarán o proxecto sobre a actividade de supervivencia. Recollerán datos sobre os distintos aspectos a tratar.

Ao principio de curso traballarase a linguaxe de aula, para que o alumnado normalice o uso do inglés como vehículo para comunicarse e aprender.

O inicio de cada proxecto realizaranse actividades comunicativas para que o alumnado reciba o INPUT necesario para que sexa quen de realizar o proxecto.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Nestes proxectos competenciais trabállanse todas as competencias clave.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Búsqueda de información na rede empregando os instrumentos axeitados.
material elaborado pola profesora (worksheets)
audios, videos, textos... sobre os temas a tratar
aplicacións para compartir os proxectos (padlet, drive...)
Aula virtual

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de forma que poda traballar en grupos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por enriba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto sobre a música
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto sobre o deporte
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto sobre supervivencia

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais... Avaliarán tanto o proceso como o produto do proxecto.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesor da clase na que se atopan os alumnos con materias pendentes no curso actual será o encargado de facer un plan individualizado de seguimento para o alumnado que non teña superada a materia do curso anterior.

Trimestralmente farase entrega dun caderno de actividades do material curricullar do curso anterior que deberá entregar cumprimentado ao seu profesor/a correspondente antes dos exames de avaliación. Éste corraxirá, avaliará e orientará ao alumno no seu traballo.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Aportacións dos departamentos relacionados	Presentación do proxecto.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
a programación e temporalización é adecuada ao nivel do alumnado
Metodoloxía empregada
As actividades fomentan o traballo cooperativo

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Facilito a busca de información para a realización dos proxectos
Medidas de atención á diversidade
As actividades de aula facilitan a integración e participación de todo o alumnado
Clima de traballo na aula
Non hai conflitos nos grupos cooperativos

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

Cada indicador de logro medirase según estes criterios:

- Totalmente conseguido
- Parcialmente conseguido
- Non conseguido

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

9. Outros apartados